

BASES PARA PARTICIPAR NO CONCURSO DOS MAIOS 2013 DE PONTEDEUME

- 1º - No Concurso de Maios poderán participar rapazas e rapaces que non superen os dezaseis anos (incluídos).
- 2º - Cada maio terá que inscribirse individualmente (por cada maio cubrir unha solicitude)
- 3º - Na creación do Maio pódese usar todo tipo de flores
- 4º - Cada Maio deberá presentarse acompañado dunha poesía ou cantiga que os participantes deberán ler ou cantar.
- 5º - A poesía ou cantiga será orixinal e inédita. Deberase facilitar copia á organización e xurado do concurso.
- 6º Puntuarase cubrir con verde (mirto, fiuncho, xesta, etc) as partes do Maio, varas, patas, madeiras, etc.
- 7º Puntuarase a figura, dificultade, elementos vexetais, etc.
- 8º Valorarase a uniformidade dos participantes (levadores do Maio) a nena/o coa banda ou coroa (flores) de flores.
- 9º Valorarase negativamente levar á vista cartóns, cordas, elementos plásticos, arames, madeiras, etc.
- 10º - A Concentración dos Maios realizarase nos Xardíns de Lombardero ás 17:30 h. do día 1 de maio. Posteriormente os Maios participantes percorreren as rúas do pobo ata chegar á Alameda de Raxoi.
- 11º - As solicitudes de participación deberán formalizarse no Departamento de Cultura do Concello, en horario de 9:00 a 14:00 h.
- 12º - O prazo de inscrición para o concurso abrirase o día 15 de abril, e rematará o día 1 de maio, quince minutos antes do comenzo da actividade.
- 13º - O xurado ten a potestade de eliminar do concurso aqueles Maios que considere que non reúnen as condicións necesarias para ser considerados como tales, en base a súa construción e elementos que o forman.
- 14º - Establecese un total de catro premios coas contías de:
1º Premio: 175 €; 2º Premio: 150 €; 3º Premio: 125 €; 4º Premio: 100 €
- 15º - Establécese un premio á mellor copla cunha contía económica de 70 €
Puntuarase neste apartado:
 - Interpretación cantanda da canción-coplas e a súa orixinalidade
 - Lectura (ou recitando) da canción-copla orixinal
 - Valoraranse máis as coplas que sexan acompañadas con música ou percusión
 - Puntuaranse máis as músicas orixinais sobre outras xa coñecidas.
 - Ao presentar as coplas especificarase se son novas ou tradicionais para súa valoración
 - Facilitaranse as coplas a organización por cuadruplicado antes do comezo do concurso
- 16º - Destinarase unha cantidade de 600 € para premios de participación. Os Maios participantes no concurso terán un premio de participación, este premio calcularase dividindo 600 € entre o número de participantes. Este premio, de participación, en ningún caso poderá exceder de 30 €.
- 17º - Os participantes premiados cun dos catro primeiros premios non terán premio de participación
- 18º - Os premios poderían quedar desertos de non existiren Maios de calidade a xuízo do xurado.
- 19º - A decisión do xurado é inapelable. O xurado terá potestade para resolver calquer problema que xurda durante o concurso.
- 20º - A composición do xurado comunicáraselle aos participantes e público en xeral o mesmo día do concurso.
- 21º - A organización resérvase o dereito de cancelar o concurso ou resolver os imprevistos sen estar obrigada a comunicarllelo previamente aos participantes.
- 22º - A participación no concurso implicará a aceptación das presentes bases.

Pontedeume, 10 de abril de 2013

Asdo.: Gabriel Torrente Piñeiro
Alcalde do Ilmo. Concello de Pontedeume